UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTADE DE FILOLOXÍA

# Boletín 7
# 23-27 outubro de 2023

# Actividades Académicas

TÍTULO: Ciclo de palestras LGBTIQ+ na USC: Queer-emos Estudos Queer

DESTINATARIOS/AS: profesorado e estudantado da USC e público en xeral

ORGANIZACIÓN: Centro de Investigacións Feministas e Estudos de Xénero

DATA/S: 6/10, 20/10, 27/10, 10/11, 17/11 e 24/11

LUGAR: Salón de Actos

HORARIO: 16 – 20:30

ENDEREZO DE CONTACTO: cifex@usc.es

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL: https://cifex.usc.gal/



# Actividades Académicas

TÍTULO: Xornadas formativas de paleografía medieval. Profesora: María del Pilar Rodríguez Suárez

DESTINATARIOS/AS: todos os membros da Facultade

ORGANIZACIÓN: Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos / Decanato

DATA/S: 23, 24, 25, 30, 31 de outubro e 6, 7 e 8 de novembro

LUGAR: Salón de Graos da Facultade de Filoloxía

HORARIO: 9:30h - 13:30h

ENDEREZO DE CONTACTO: israel.sanmartin@usc.gal

# Actividades Académicas

TÍTULO: Obradoiros de Humanidades Dixitais

DESTINATARIOS/AS: Estudantes, persoal en formación, investigadores

ORGANIZACIÓN: Grupo de Investigación Humboldt

DATA/S: 20 de setembro, 21 de setembro, 18 e 19 de outubro e 26 e 26 (
outubro

ENDEREZO DE CONTACTO: victor.millet@usc.es

DESCRICIÓN:

Queres mergullarte nas Humanidades Dixitais? Coñeces as ferramentas que : integran nelas? Xa sabes algo e queres profundizar? As ferramentas dixitais pa traballos en humanidades xa son unha realidade tanto en investigación como r ámbito empresarial. Saber usalas pode abrirche posibilidades no ámbi académico, ademáis de aumentar a túa empregabilidade. Na cuarta edició ofertamos obradoiros sobre XML, XPATH e R, ademáis dun obradoiro no que : buscan as ferramentas que faltan.

## Obradoiros de Humanidades Dixitais – Outono 2023 (4ª ed.)

Queres mergullarte nas Humanidades Dixitais? Coñeces as ferramentas que se integran nelas? Xa sabes algo e queres profundizar? As ferramentas dixitais para traballos en humanidades xa son unha realidade tanto en investigación como no ámbito empresarial. Saber usalas pode abrirche posibilidades no ámbito académico, ademáis de aumentar a túa empregabilidade. Apúntate á cuarta edición dos obradoiros, na ofertamos un repertorio de linguaxes e aplicacións: XML, XPATH e R. Pérdelle o medo a estes nomes, os expertos docentes vanche ensinar que é todo moito máis fácil do que pensas.

### Requisitos

- Seren investigador/a ou estudante en cursos avanzados, preferentemente de Filoloxía
- Ter e traer portátil propio e instalar o software que se indicará en cada caso

### Prazas e inscripción

- As prazas dispoñibles para cada curso son limitadas. **É obrigatorio inscribirse previamente.**
- Data límite inscrición obradoiro 2: 18 de setembro.
- Pódese facer inscrición por obradoiro (non é preciso facélos todos)
- Inscrición obradoiros 1 e 2: mail a Lola Mosquera lola.mosquera.sanchez@usc.es
- Inscrición obradoiro 3: mail a María José Domínguez majo.dominguez@usc.es
- Inscrición obradoiro 4: mail a Victor Millet victor.millet@usc.es

### Programa

| Nº | Data | Horario | Obradoiro | Imparte | Idioma |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 20 setembro | 16:00 – 18:00: Aula B06 | Conferencia: *From Basic to R: Digital Research in Linguistics* | José Manuel Fradejas (UVA) | ENG |
| 2 | 21 setembro | 16:00 – 18:00: Aula B06 | Workshop: *A Hands-on workshop in R for Humanists* | José Manuel Fradejas (UVA) | ENG |
| 3 | 26 e 27 outubro | 26: 17:30 – 19:00: Aula: B10<br>27: 09:30 – 13:30: Aula: B13 | Workshop: *Tell us which resources don't yet exist!*<br>(só para estudantes e persoal en formación!) | Carlos Valcárcel (UVigo) / María José Domínguez (USC & EMLex) / Isaac González (EMLex) | ENG |
| 4 | 18 e 19 de outubro | 16:00 – 19:00: Aula D14 | Workshop: *Introducción á codificación de textos en XML/TEI, e ao uso de XPATH* | Victor Millet (USC) | ESP |

### Organiza

Grupo Humboldt GI-1920

XUNTA DE GALICIA USC FACULTADE DE FILOLOXÍA EMLex
With the support of the Erasmus+ Programme of the European Union

# Actividades Académicas

TÍTULO DA ACTIVIDADE:

A práctica do piropo nos novos tempos

ORGANIZACIÓN: Grupo FILGA

DATA/S: 26 de outubro de 2023

LUGAR: sala de conferencias do Instituto da Lingua Galega (USC)

HORARIO: 16:30 – 20:00 h

ENDEREZO: estela.fidalgo@rai.usc.gal

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL: https://ilg.usc.gal/gl/actividades/practica-do-piropo-nos-novos-tempos

DESCRICIÓN:

Dende o campo da pragmática deféndese que o grao de (des)cortesía de calquera acto de fala se relaciona coa súa adecuación ao contexto. Con todo, hoxe en día, nunha sociedade maioritariamente comprometida coa loita contra a desigualdade de xénero, o piropo parece percibirse socialmente como un acto de fala arriscado para a imaxe pública. En consecuencia, comezamos a observar que esta práctica discursiva con centos de anos de tradición nas culturas hispánicas está sufrindo mudanzas. Os novos tempos parecen ofrecernos unha alternativa á enunciación cara a cara do piropo e, consecuentemente, un novo centro de interese: o espazo virtual.



# Actividades Académicas

TÍTULO : Seminario sobre Variación e ensino de linguas

ORGANIZACIÓN: GI Gramática do español

DATA/S: 31 de outubro de 2023

LUGAR: Aula C07, Facultade de Filoloxía

HORARIO: 11:00 - 13:00

ENDEREZO : maria.sampedro.mella@usc.es

LIGAZÓN: https://gramatica.usc.es/gl/events

DESCRICIÓN:

Interveñen:

11:00 h Yekaterina García Markina (Université de Tours): «Dificultades de los aprendices francófonos en la selección de ser y estar en las construcciones atributivas»

12:00 h Fabiana Álvarez-Ejzenberg (Université de Picardie Jules Verne): «Conectores pragmáticos y variación diatópica: el caso de la partícula pues»

Organiza: GI Gramática do español no marco do proxecto "Explotación de corpus generales y de aprendices para la investigación y la enseñanza del discurso en el español como lengua extranjera (ELE)". Actividade financiada pola Embaixada de Francia en España (proxectos científicos para investigadores confirmados).



# Informacións Académicas

TÍTULO: Convocatoria dunha praza de lector/a de español na Universidade de Liverpool.

DESTINATARIOS/AS: Alumnado do 4º curso do Grado en Lingua e Literatura Inglesas; Graduados/as en Lingua e Literatura Inglesas desde xaneiro de 2020 en adiante.

ORGANIZACIÓN: Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá. Coordinadora: Paloma Núñez Pertejo.

DATA/S: Ata o 10 de novembro de 2023.

ENDEREZO DE CONTACTO: iasec@usc.es; pnunez.pertejo@usc.es

DESCRICIÓN DA INFORMACIÓN/ACTIVIDADE (opcional, 100 palabras):

Convocatoria dunha praza de lector/a de español no Departamento de Hispanic Studies da Universidad de Liverpool (Reino Unido) para o vindeiro curso 2024-2025.

# Actividades Culturais

TÍTULO: CineFilo

ORGANIZACIÓN: Decanato, Área de Filoloxía Catalá

DATA/S: 24 de outubro

LUGAR: Facultade de Filoloxía

HORARIO: 17.00-20.00

ENDEREZO DE CONTACTO: dolors.perarnau@usc.gal

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL: CineFilo.USC (Instagram)

DESCRICIÓN DA INFORMACIÓN/ACTIVIDADE:

O vindeiro día 24 de outubro, CineFilo fai parada na interculturalidade de Europa. Da man do director alemá, Hannes Stöhr, con vínculos con Galicia por ter realizado un Erasmus na propia USC, o filme afonda na riqueza e variedade cultural e lingüística de Europa con todo o bo e malo que iso supón. O que une ás catro historias que teñen lugar en catro ciudades distinas é unha hipotética final da Champións entre o Deportivo da Coruña e o Galatasaray turco. Mais, en contra do que poida parecer, este filme nada ten que ver co fútbol. Ou si …

No coloquio contarase coa presenza da actriz galega Blanca Brage Cendán.

A actividade é aberta e de balde, e está recoñecida pola Facultade de Filoloxía como formación. Para máis información, podedes seguir a conta Instagram: @cineFilo.usc



# Actividades Culturais

TÍTULO : Convite á comunidade universitaria. CineFilo

ORGANIZACIÓN: Decanato, Área de Filoloxía Catalá

LUGAR: Facultade de Filoloxía

ENDEREZO DE CONTACTO: dolors.perarnau@usc.gal

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL: CineFilo.USC (Instagram)

DESCRICIÓN

Prezadas/os integrantes da comunidade da Facultade de Filoloxía:

Este é un convite a participar activamente no proxecto colaborativo cultural CineFilo, o cineclub da Facultade que comezou a súa andaina o pasado curso.

Organizado pola Facultade e coordinado pola Área de Filoloxía Catalá en colaboración co CLM e o Institut Ramon Llull, o cineclub quere ser un punto de encontro a través do cinema das linguas e culturas que se ofrecen na facultade, así como un espazo de colaboración e diálogo entre todos os membros da comunidade universitaria e veciñanza.

A programación do segundo ciclo (outono 2023), cofinanciado pola Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, xa está pechada, mais esperamos ter moitos ciclos por diante e gustaríanos poder contar coa vosa participación, sexa asistindo as sesións, vindo a presentar algún filme do voso interese ou ben dando difusión ao proxecto.

Para propostas ou calquera consulta ou dúbida, podedes contactar coa coordinación: dolors.perarnau@usc.gal

A actividade é aberta e de balde, e ten lugar quincenalmente os martes ás 17:00 h no salón de Actos da Facultade. O seu seguimento está recoñecido pola Facultade de Filoloxía como formación. Para máis información, podedes seguir a conta Instagram: @cineFilo.usc



# Actividades Culturais

TÍTULO: EXPOSICIÓN ESCRITORAS E BIBLIOTECAS

DESTINATARIOS/AS: TODOS OS MEMBROS DA FACULTADE

AXENTE QUE INFORMA/ORGANIZA: BIBLIOTECA FILOLOXÍA E SECRETARÍA XERAL POLÍTICA LINGÜÍSTICA. XUNTA DE GALICIA

DATA/S: 18-31 OUTUBRO

LUGAR: BIBLIOTECA FILOLOXÍA

DESCRICIÓN:

Con motivo do día das escritoras o 16 de outubro e o das bibliotecas o 24, a Biblioteca da Facultade de Filoloxía, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, realizará, entre outras actividades, unha exposición de obras escritas por mulleres e relacionadas coas bibliotecas na entrada e a sala de lectura da biblioteca.



# Actividades Culturais

TÍTULO: OBRADOIRO DE FANZINES

DESTINATARIOS/AS: ESTUDANTADO, PDI E PAS

ORGANIZACIÓN: COMISIÓNS NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICAS E BIBLIOTECAS DAS FACULTADES DE CIENCIAS DA INFORMACIÓN E FILOLOXÍA

DATA/S: 25 OUTUBRO, 8 E 22 NOVEMBRO

LUGAR: FACULTADE FILOLOXÍA

HORARIO:16.00-19.00 HORAS

ENDEREZO DE CONTACTO: PERPRES@USC.GAL

DESCRICIÓN:

A actividade estrutúrase en tres sesións presenciais. A primeira delas, a cargo de Lourdes Pérez González e Pilar Díez Jambrina, analiza o fanzine como artefacto cultural e realizarase o día 26 de outubro de 16.00 a 18.00 horas. O ilustrador Tomás Guerrero García e a experta en autoedición Lourdes Rodríguez participan na segunda sesión do obradoiro, que servirá para a posta en marcha dos fanzines e terá lugar o día 8 de novembro das 16.00 ás 19.00 horas. A última sesión chegará o 22 de novembro das 16.00 ás 19.00 e conducirá ao peche dos proxectos, que poderán ser enviados aos repositorios dixitais Solidarity Revolutionary center e a Radical Library, a eFanzines e ao fondo existente na Biblioteca da Facultade de Ciencias da Comunicación

A inscrición é de balde e está aberta a toda a comunidade universitaria. Pódese solicitar ata o 24 de outubro a través do enderezo electrónico perprest@usc.gal ou no mostrador das bibliotecas da USC.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE FILOLOXÍA

# A Facultade de Filoloxía está en Twitter e en Instagram!







A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!
@busc_filoloxia
@buscfiloloxia